

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE MAIO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de maio deste ano, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Primeiro Tenente de Alcalde, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, en funcións de Alcalde, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 21 de maio de 2014.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase a concesión de licenza de instalación da actividade de cambio de aceite, como ampliación do lavado de vehículos e cambio de pneumáticos autorizado na licenza de apertura 192/2013, sita na rúa Lamas de Prado, número 44-baixo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a construción de sede da empresa “Norvento Enerxía y Tecnología” formada por un edificio de planta baixa para uso administrativo e estudos de tecnoloxía enerxética, un edificio para instalacións xerais e a instalación dun aeroxerador, no parque empresarial “As Gándaras”, parcela T, rúa A; para a implantación do uso de garaxe aparcadoiro en grao 1º - situación B, para 21 prazas na planta baixa do edificio con licenza número 139/06, sito en solo urbano, na avda. da Coruña, número 392; para edificación anexa a vivenda unifamiliar existente, destinada a almacén e anexo a vivenda, dentro do ámbito do núcleo rural 52.1 Cabanas, parroquia de Santa Comba; para instalación de ascensor e reforma interior do colexio con licenza 464/84, sito en solo urbano, na rúa Alcalde Anxo López Pérez, número 2; para demolición da edificación de planta baixa e unha alta, sita en solo urbano, na rúa Milagrosa, número 80; para rehabilitación e reforma de vivenda unifamiliar de carácter tradicional, sita na rúa Ripanzo, número 7, núcleo rural tradicional de Galegos-Portiño, parroquia de Lugo-Galegos (Santiago de Afora); para a rehabilitación de edificación existente sita en solo urbano na praza Santo Domingo, número 12 e para rehabilitación de edificación de planta baixa existente con licenza 60/1942, sita en solo urbano na rúa San Eufrasio, número 36.

|             |  |        |            |
|-------------|--|--------|------------|
| FIRMADO POR | Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural | FECHA  | 10/06/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro   | PÁGINA | 1/3        |



6Esjcfai2dBLLWz04IMApA==

Acórdase a denegación de licenza para instalación dunha micro-estación base de telefonía móbil no baixo da ronda de Valle Inclán, número 3.

Así mesmo acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución adoptada por Decreto de Alcaldía número 14003237, para vivenda unifamiliar, sita en Castro, número 18, parroquia de Santo André de Castro.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios pola Directora da Escola Municipal Infantil Serra de Outes, así como a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para realizar servizos extraordinarios por unha funcionaria adscrita ao Servizo de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para legalización de galpóns e edificacións para apeiros de labranza vinculados á vivenda unifamiliar en Viador-San Mamede dos Anxos.


Acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Monte D arriba - Calde, pola que ingresou a autoliquidación número 4710863, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 1.309,18 €.

Así mesmo, apróbase o escrito presentado no que insta a rectificación da liquidación núm. 6725908 (414/2014), aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 26 de marzo de 2014, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para reforma de vivenda de planta quinta, modificación de portal en planta baixa, instalación de ascensor e substitución de cuberta no edificio sito na rúa Quiroga, 41, por importe total de 3.496,68 €, por erro no presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e

Código Seguro de verificación:6EsjcfaI2dBLWzO4IMApA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                         |            |
|-------------|--|-------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Manuel Enrique Chain Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural | FECHA                   | 10/06/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro   | 6EsjcfaI2dBLWzO4IMApA== | PÁGINA 2/3 |

  
6EsjcfaI2dBLWzO4IMApA==

obras, ao renunciar á licenza de obras número 244/2011, concedida para a construción dun edificio na rúa Magnolia, 2.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal número 117, reguladora das taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar por parte dos Servizos Sociais Municipais.


### **ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA**

**5. CEMITERIO.-** Deúse conta da sentenza 55/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo que resolve favorablemente o recurso Contencioso-administrativo número 438/2011 contra o acordo da Sunta de Goberno Local 14/599, do 31/08/2011.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.**

Código Seguro de verificación:6Esjcfai2dBLLWz04IMApA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

|             |  |                          |        |            |
|-------------|--|--------------------------|--------|------------|
| FIRMADO POR | Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural |                          | FECHA  | 10/06/2014 |
| ID. FIRMA   | afirma.pro   | 6Esjcfai2dBLLWz04IMApA== | PÁGINA | 3/3        |



6Esjcfai2dBLLWz04IMApA==